

ECONOMÍA SOCIAL MEETING

[Actividade colaborativa do Foro pola Economía Social Galega]

DATAS REALIZACIÓN	28 de Xaneiro de 2019	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	11:00 – 13:00 h.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Rúa Tomiño, 22 – baixo, Santiago de Compostela (Na entidade da Rede Eusumo: AGACA Unión de Cooperativas Agrarias)		
PERSONA DE CONTACTO	Constantino Gago Conde	TELÉFONO	881.887.456
		E-MAIL	tino@espazo.coop

OBXECTIVOS

- Presentación mutua das entidades participantes: entidades representativas, cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción. Mediante técnicas de presentación e intercambio de coñecementos e experiencias.
- Posibilitar a transferencia de experiencias, metodoloxías, ou solucións para a posta en marcha de estratexias de cooperación.
- Dar a coñecer contidos específicos de **aforro e eficiencia enerxética** que podan **contribuír á mellora da xestión empresarial e societaria**.

PROGRAMA

11:00 h. - Recepción e entrega de documentación.

11:15 h. - Presentación conxunta das entidades e persoas participantes, presentación da Rede Eusumo, e do programa Economía Social Meeting para fomento da intercooperación.

11:30 h. - Presentación das distintas **liñas de axudas do INEGA**, presentación de **Nosa Enerxía s. coop. galega**, transferencia e intercambio de experiencias, metodoloxías, e boas prácticas.

13:00 h. - Peche do encontro.

CONTIDOS

- No marco das convocatorias das liñas de apoio do **INEGA - Instituto Enerxético de Galicia**, as entidades que compoñen o Foro pola Economía Social Galega levarán a cabo esta xornada de networking para dalas a coñecer e facilitar o intercambio de información neste ámbito concreto. Tamén quérese presentar **Nosa Enerxía**, unha cooperativa de consumidoras e usuarias con cerca de 600 socias/os e contratos, que é a primeira cooperativa galega que ten por obxecto a comercialización de enerxía eléctrica de orixe renovable certificada.
- As propostas de colaboracións e intercooperación teranse en conta para a celebración dos seguintes *Meetings* que seguindo a liña deste, terán un contido máis específico en canto a temática, ben sexa sectorial ou transversal segundo o interese das entidades de economía social participantes.
- Trala realización do encontro enviarase unha pequena enquisa de avaliación na que tamén se recollerán outras propostas de intercooperación ou contidos para os seguintes *Meetings*.

METODOLOXÍA

- Os *Meetings* da Economía Social desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes.
- Poderán utilizarse medios audiovisuais na presentación da entidade e farase un estrito control do tempo de intervención para garantir a axilidade da xornada.

DIRIXIDO A

Persoas socias, traballadoras e técnic@s das entidades do 'Foro pola Economía Social Galega' (Agaca, Cegasal, Aeiga, Aesgal, EspazoCoop) e **outras entidades e redes da economía social e solidaria**. || Grupo mínimo: 10 persoas - Grupo máximo: 25 persoas.



ACTIVIDADE COLABORATIVA DO:

Foro pola Economía Social Galega



COLABORAN:



Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social